ALEGACIÓNS Á RPT DE TRABALLO E BENESTAR

Examinado o documento da memoria funcional xustificativa da modificación da relación de postos de traballo da consellería de Traballo e Benestar e aínda que non se achegou a memoria explicativa, a CIG presenta as seguintes alegacións:

- Non compartimos o **excesivo número de postos de traballo que manteñen como forma de provisión o sistema de libre designación**. A defensa da Administración, amparándose no acordo sindical e na motivación de que estes servizos, case que todos da área de Benestar, manexan arquivos sensibles que esixen unha protección modera ou alta de acordo coa Lei de Protección de Datos.

  Esta argumentación non se sostén, xa que existen os protocolos de protección de arquivos sensibles que os/as funcionarios/as, sexan de concurso ou de LD, teñen a obriga de cumprir e, máis aínda, cando a EGAP ven organizando cursos de formación continua sobre a Lei de Protección de Datos, tanto no seu nivel medio como superior.

  Máis aínda, se tanta inquietude alega a consellería polos arquivos sensibles, como é que se permite o acontecido este verán no servizo da Dependencia cando expedientes tan sensibles como os referidos ao recoñecemento das axudas á dependencia foron externalizados, metidos en caixas e deixados polos corredores ata que veu a empresa Indra Sistemas e se fixo cargo deles para a súa dixitalización,

- Contra a **amortización do posto TRC992090132001036**, titulado superior oficina emprego Ourense centro. Ocupado por laboral indefinido.

- Contra a **amortización do posto TRC992090132620030**, titulado medio da oficina de emprego de Trives, en situación de toma de posesión provisoria, oferta emprego 2005.

- **EURES**. O persoal laboral ao que lle adxudican estas funcións tivo que deixar de facer as tarefas de orientación, clasificación, cursos e outras que viñan desempeñando, polo que sería necesario que na oficina onde estea o posto EURES sexa incrementado o número de efectivos.

Compostela, 4 de outubro de 2010.

Á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar.